

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6.<sup>a</sup>, INDUSTRIA,  
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 20.04.2017      Hora: 10:30

A Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 20 de abril de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Proposicións non de lei en Comisión**

- 1 3249 (10/PNC-000322)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín  
Sobre a demanda polo Goberno galego á empresa Telefónica-Movistar da habilitación dos sistemas técnicos necesarios para posibilitarlle á veciñanza do concello da Capela o acceso á Internet cunha calidade aceptable  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 25.01.2017*
- 2 4756 (10/PNC-000459)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre a presentación polo Goberno galego dos resultados da avaliación do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017*
- 3 4849 (10/PNC-000470)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto 900/2015 polo que se regula o autoconsumo de enerxía eléctrica, así como as actuacións que debe levar a cabo para o seu impulso en Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017*
- 4 5782 (10/PNC-000561)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel  
Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun programa de modificación do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 que inclúa explicitamente as melloras necesarias para reforzar a posición de Galicia nas variables reflectidas no Índice de Competitividade Rexional de 2016, publicado pola Unión Europea  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017*

- 5                    7228 (10/PNC-000748)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación  
coas verteduras cíclicas á ría de Betanzos e as infraccións en materia  
ambiental e laboral cometidas por unha empresa de elaboración de  
taboleiro asentada na localidade de Infesta, así como o cumprimento das  
obrigas contraídas na concesión de axudas públicas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017*
- 6                    7291 (10/PNC-000753)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Merlo Lorenzo, Juan José  
Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego co Goberno  
municipal de Ourense en relación coa apertura da praza de abastos da  
Ponte e o canon establecido para a explotación comercial das súas  
instalacións  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2017

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

## Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

**Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 20.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 3249(10/PNC-000322)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a demanda polo Goberno galego á empresa Telefónica-Movistar da habilitación dos sistemas técnicos necesarios para posibilitarlle á veciñanza do concello da Capela o acceso á Internet cunha calidade aceptable

*Publicación da iniciativa, 52, 25.01.2017*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seus deputado, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

A pesar do continuo exercicio de publicidade e propaganda sobre a extensión das TIC's no territorio da comunidade autónoma, e das inxentes cantidades de fondos que se destinan a apoiar esta extensión, a realidade, denunciada en moitas ocasións polo Grupo Socialista é que as zonas de sombra son aínda moitas en Galicia; e non só en zonas afastadas do interior, senón en moitos casos en zonas próximas aos núcleos urbanos. Os últimos datos sinalan que un 25 % dos total de españois que carecen de posibilidades técnicas de conectarse á Internet residen en Galicia, cando a nosa comunidade ten apenas o 6 % da poboación do Estado.

Estas carencias, dificultan en moitos casos, non só as actividades persoais, senón tamén actividades económicas que permitirían a creación de emprego no medio rural, algo que debería de ser un obxectivo estratéxico para o noso país. Esta situación están a vivila cidadáns do concello da Capela.

Amtega leva anos publicitando que a través do seu *Plan de Banda Larga*, os habitantes deste concello teñen acceso a este servizo. Falamos de instalacións subvencionadas pola Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo dentro das actuacións derivadas deste plan, que debería de prestar un servizo de conexión á internet, moi necesario para que as familias poidan desenvolver e xestionar as súas actividades económicas e sociais con normalidade.





## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A discrecionalidade da empresa que ten recibido fondos públicos resultan incomprensible. Mentres que hai veciños e veciñas que solicitaron a conexión de liña telefónica máis o servizo da internet á empresa Telefónica-Movistar, instaladora e operadora da infraestrutura, e poden facer uso do servizo con normalidade; hai outros veciños e veciñas que fixeron a solicitude á mesma empresa pero esta non acaba de dispoñer e facer o necesario para darlle o servizo a través dunha liña telefónica, a pesar de que a empresa di ter instalado unha centraliña con recursos económicos subvencionados, e polo tanto públicos.

Non obstante, hai que sinalar que nas parroquias de Cabalar e Caaveiro, incluso lugares da Capela, segue habendo moitas zonas de sombra, limitando así a capacidade de acceso á rede de pequenos empresarios autónomos e á cidadanía en xeral.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentan a seguinte proposición:

O Parlamento galego insta o Goberno galego para que se dirixa á empresa Telefónica-Movistar e lle demanda que dispoña os sistemas técnicos necesarios para que todos os veciños e veciñas residentes no concello da Capela teñan a posibilidade de conectarse á internet polo sistema terrestre, ou ben por un sistema de satélite 3G cunha calidade aceptable.

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/01/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 3249**  
Data envío: 12/01/2017 17:20:39.390



---

 [Grupo Parlamentario](#)

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/01/2017 17:18:19**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/01/2017 17:18:28**

---

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/01/2017 17:18:35**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 20.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 4756(10/PNC-000459)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a presentación polo Goberno galego dos resultados da avaliación do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015

*Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa á avaliación do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015.

Menos gasto en I+D+i, menos persoal, menos equipos de investigación, menos proxectos, menos patentes, en definitiva, menos investigación e innovación para o futuro de Galicia. Indicadores preocupantes que alertan da situación que padece a inversión pública en investigación.

Neste contexto foi no que se desenvolveu o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015. Segundo o texto do propio plan este “contempla un proceso de avaliación periódica e sistematizada dos resultados e progreso que permita monitorizar os progresos que se van producindo no sistema galego de I+D+i a medida que as liñas de actuación se desenvolven á vez que se identifican a conveniencia ou non da súa reformulación, as posibles medidas a implantar para mellorar o rendemento das políticas deseñadas a este fin así como detectar as sinerxías e complementariedades existentes entre elas. Desta forma confirmarase en que medida os recursos investidos nos procesos de xeración de coñecemento e innovación serven aos intereses perseguidos co fin de reverter finalmente no beneficio da sociedade galega”

Sen embargo, máis dun ano despois do peche do plan, e antes de que se probe o seguinte, non tivemos coñecemento dos resultados desa avaliación.

Por estes motivos, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/02/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 4756**  
Data envío: 08/02/2017 14:24:53.731



O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a presentar, antes de tres meses, os resultados da avaliación do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 08/02/2017 14:21:38**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 08/02/2017 14:21:47**

**Luis Villares Naveira na data 08/02/2017 14:22:03**

Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 4849(10/PNC-000470)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto 900/2015 polo que se regula o autoconsumo de enerxía eléctrica, así como as actuacións que debe levar a cabo para o seu impulso en Galicia

*Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2017 17:07  
Nº Rexistro: 4849  
Data envío: 09/02/2017 17:07:27.377

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa ao impulso do autoconsumo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O autoconsumo é unha oportunidade aberta de cara ao aforro enerxético, a eficiencia nas redes de transporte e a redución de prezos de mercado. Para alén disto, supón unha aposta polas enerxías limpas e pola redución das emisións contaminantes así como pola produción descentralizada e mesmo, no caso das empresas, polo incremento da competitividade. A oportunidade de que os consumidores xeren a súa propia electricidade implica consecuencias extraordinariamente positivas no eido económico e social do país que cómpre impulsar desde as administracións.

Porén, o Real Decreto 900/2015, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas das modalidades de subministro de enerxía eléctrica con autoconsumo e de produción con autoconsumo, tivo como orientación principal a de para impedir o desenvolvemento do autoconsumo, no canto do seu fomento. Con esta normativa, o Goberno estatal impuxo unha barreira económica inxustificada ao desenvolvemento do autoconsumo. O Goberno aprobou esta normativa de forma illada, en contra do clamor social (máis de 200.000 firmas e 40.000 alegacións recollidas contra o texto), o resto de organizacións políticas e sociais, e institucións como a CNE, CNC ou a Defensora do Pobo.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2017 17:07**  
**Nº Rexistro: 4849**  
Data envío: 09/02/2017 17:07:27.377

A normativa introduciu un cargo económico extra, coñecido popularmente como “imposto ao sol”, para aqueles consumidores que, ademais de contar co servizo de electricidade da rede, teñan un sistema de autoconsumo. Este “imposto ao sol” é inxustificable, como xa viñeron denunciando diferentes organismos reguladores, e desincentivador. Os autoconsumidores conectados á rede xa pagan as mesmas peaxes ao sistema que calquera outro consumidor, é dicir, a totalidade do termo fixo, e a parte correspondente á demanda de enerxía que fagan da rede.

O Real Decreto non regulou o balance neto, a modalidade máis estendida no mundo e especialmente interesante para incentivar o autoconsumo nos fogares e que consiste en ceder a electricidade que un xera e lle sobra cando non a usa (por exemplo, nas horas centrais do día en moitos fogares) e poder, a cambio, recuperar esa mesma cantidade de enerxía cando a instalación non xera (por exemplo, de noite).

Esta regulación penalizadora do autoconsumo supuxo un novo paso nun deseño enerxético contrario aos intereses e necesidades de Galiza. Cabe recordar que ao noso país foille adxudicado polo Estado español o papel subministrador de enerxía para favorecer o desenvolvemento e industrialización doutros territorios. Así, Galiza é excedentaria na produción de electricidade, e soporta os custos sociais e medioambientais derivados desta especialización: desprazamento de poboación, inundación de vales, contaminación, etc. Porén, por ser o deseño eléctrico alleo á realidade do noso país, non obtemos ningún beneficio da condición de produtor excedentario.

En sentido contrario á orientación das políticas do Goberno do Estado, algunhas CCAA están a impulsar medidas que favorezan o autoconsumo, como é o caso das Illas Baleares, onde se teñen aprobado convocatorias públicas de axudas para o fomento das instalacións de enerxía solar fotovoltaica e eólica para autoconsumo, ou máis recentemente a Generalitat de Cataluña, que a pesares das limitadas competencias tenta





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2017 17:07**  
**Nº Rexistro: 4849**  
Data envío: 09/02/2017 17:07:27.377

impulsar unha política enerxética propia, e acaba de crear unha mesa con representantes do sector público e do privado para impulsar o autoconsumo enerxético. O obxectivo é estudar as barreiras administrativas, económicas e legais que dificultan xeneralizar este tipo de produción enerxética e propoñer medidas para superalas. Formarán parte da mesa representantes da Generalitat, das administracións locais e supralocales e empresas, asociacións profesionais, distribuidores e comercializadores de electricidade, colexios profesionais, asociacións de consumidores e fabricantes e distribuidores de equipos do sector.

Esta normativa estatal que trata de frear o autoconsumo choca coa decidida aposta polo autoconsumo por parte dunha significativa parte da sociedade galega. Porén, nesta cuestión, como en moitas outras, o que está a caracterizar á Xunta de Galiza é a máis completa inacción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Demandar do goberno do Estado a retirada do Real Decreto 900/2015 que regula o autoconsumo, e o impulso a un marco competencial acaído para que Galiza poida impulsar unha normativa favorecedora da autoxeración de enerxía en balance neto.
2. Diseñar un programa de axudas e subvencións destinado a impulsar o autoconsumo en Galiza, tanto en instalación públicas como en empresas e particulares.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2017 17:07**  
**Nº Rexistro: 4849**  
Data envío: 09/02/2017 17:07:27.377

3. Crear unha mesa con representantes do sector público e do privado para impulsar o autoconsumo enerxético.”

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/02/2017 16:58:44**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/02/2017 16:58:50**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/02/2017 16:58:54**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/02/2017 16:58:58**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2017 17:07**  
**Nº Rexistro: 4849**

Data envío: 09/02/2017 17:07:27.377

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/02/2017 16:59:00**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/02/2017 16:59:04**

**Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 20.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 5782(10/PNC-000561)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun programa de modificación do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 que inclúa explicitamente as melloras necesarias para reforzar a posición de Galicia nas variables reflectidas no Índice de Competitividade Rexional de 2016, publicado pola Unión Europea

*Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

A Comisión Europea vén de publicar o *Índice de Competitividade Rexional* de 2016, trátase da terceira edición dun estudo relativo as 263 rexións da Unión que proporciona informacións útiles para que estas melloren os seus resultados económicos.

A competitividade rexional é a capacidade dunha rexión de ofrecer unha contorna atractiva e sostible para que as empresas e a cidadanía se establezan e traballen nela. Permítenos ver facilmente a que nivel se sitúa a nosa Comunidade Autónoma en termos de innovación, gobernación, transporte e infraestrutura dixital, así como en canto as medidas sanitarias ou o capital humano.

E permite tamén axudar as rexións a identificar os seus puntos fortes, as súas carencias e as súas prioridades de investimento á hora de elaborar as súas estratexias de desenvolvemento.

Este índice é un instrumento interesante para unha mellor elaboración das políticas. Permite ás comunidades apoiar as reformas estruturais e estimular a capacidade de innovación das rexións da Unión a través dos investimentos da política de cohesión. Ofrecendo apoio a medida e axudando a aproveitar os seus puntos fortes e os seus recursos, especialmente coas estratexias rexionais de especialización intelixente.

En xeral, os resultados de 2016 están en consonancia cos de 2013. Obsérvase, de novo, un patrón policéntrico, no que as capitais e as áreas metropolitanas actúan como os principais motores da competitividade, cuxa onda expansiva pode verse na maior parte da Europa occidental e do norte, pero é moito menos evidente nas rexións orientais e meridionais da Unión.



#### Grupo Parlamentario

Tamén en moitos casos obsérvanse tamén grandes variacións dentro dun mesmo país, debido a que a rexión da capital consegue resultados moito mellores que as demais rexións.

O Índice de Competitividade Rexional (RCI), que se puxo en marcha en 2010 e publícase cada tres anos, permite ás rexións supervisar e valorar a súa evolución no tempo e en comparación con outras rexións. É a primeira medida en ofrecer unha perspectiva europea da competitividade das rexións da Unión Europea.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

No caso de Galicia, a pesar da publicidade e a propaganda do Goberno do Sr. Feijóo, e dos “feitos alternativos” de que a estratexia de recortes e conxelación do gasto público permitían obter resultados inmediatos, a realidade é moito mais frustrante. En 2010, ocupábamnos o posto 182 de 263 rexións da Unión Europea, en 2013 mantíñamos no mesmo posto, e en 2016 (seis anos despois do primeiro informe), melloramos un lugar, ata o 181 de 263.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. A presentar na Cámara galega nun prazo de tres meses, un programa de modificación do *Plan estratéxico de Galicia 2015-2020*, que inclúa explicitamente as melloras necesarias para reforzar a posición de Galicia nas variables contempladas no *Índice de Competitividade Rexional*.
2. Incluír especificamente melloras nos ámbitos nos que Galicia está peor situada, a eficiencia do mercado de traballo, o entorno favorable para a actividade económica e as políticas de innovación.

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
José Manuel Pérez Seco  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/02/2017 09:52**  
**Nº Rexistro: 5782**  
Data envío: 28/02/2017 09:52:27.242



---

**Grupo Parlamentario**

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/02/2017 09:49:28**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/02/2017 09:49:33**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/02/2017 09:49:39**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 20.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 7228(10/PNC-000748)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas verteduras cíclicas á ría de Betanzos e as infraccións en materia ambiental e laboral cometidas por unha empresa de elaboración de taboleiro asentada na localidade de Infesta, así como o cumprimento das obrigas contraídas na concesión de axudas públicas

*Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017*





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/03/2017 18:29**  
**Nº Rexistro: 7228**  
Data envío: 29/03/2017 18:29:02.030

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

En 1975 comeza a funcionar na localidade betanceira de Infesta TRADEMA, unha empresa de elaboración de taboleiro a partir de fibras de madeira.

Desde o inicio da súa actividade, e por Orde do Ministerio de Obras Públicas de 26/1/1976 autorizouse ‘provisionalmente’ á industria, á vertedura de augas residuais do proceso de fabricación á ría de Betanzos cunha serie de condicións.

Tal autorización prorrogouse pola Dirección Xeral de Portos e Costas en 27/2/1985, con vencemento a 20/1/1986. O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, na súa sentenza 623/2006 considera probado que non hai constancia de terse solicitado ou concedido novas prórrogas e que, finalizada a autorización ‘provisional’ da Administración, a factoría continuou vertendo sen ningún tipo de autorización á ría de Betanzos, por medio do río Callou, ata a data da sentenza.

O pasado mes de xullo de 2016 transcendeu que a Fiscalía de Medio Ambiente, abrira dilixencias previas reunindo informes do SEPRONA, probas testificais e indicios documentais sobre a posíbel queima sen autorización de residuos perigosos e posterior soterramento das cinzas por parte da empresa.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/03/2017 18:29**  
**Nº Rexistro: 7228**  
Data envío: 29/03/2017 18:29:02.030

En paralelo, en 2004 o BNG xa trouxo ao Parlamento os problemas de emisión de cinzas da factoría, que se precipitaban sobre o veciño núcleo de Infesta deixando unha capa de pó negro. A resposta fora que se esixiría unha serie de melloras á factoría pra evita-las emisións.

A Xunta de Galiza declarou “estratéxica” esta factoría.

No ano 2015 a Inspección de Traballo expedientou á compañía por infrinxir a normativa de prevención de riscos laborais. Resultou condenada a indemnizar a un traballador que padeceu problemas respiratorios a causa da exposición a elementos contaminantes sen as debidas proteccións. Rexistrou varios accidentes laborais divulgados polos medios de comunicación por non cumprir coas medidas de prevención e resultou condenada, en varias ocasións, a readmitir traballadores que foran despedidos de maneira impropcedente a causa da súa afiliación sindical.

En 2002 a Consellería de Economía aportou 4,2 millóns de euros para ampliar a fábrica. O DOG do 15/1/2003 recolle unha achega de 4.262. 632,80 euros para crear 91 postos de traballo nesta planta- que segundo os representantes dos traballadores non foi tal e lonxe de se destinar a ampliar a produción foi destinada á construción da planta de ósmose e ósmose inversa coas que a dirección da factoría confiaba en renovar a autorización de vertido de augas industriais á ría de Betanzos, protexida dentro da Rede Natura.

Desde esa data ata o día de hoxe a factoría vén recibindo numerosas axudas públicas. Todas estas subvencións foron concedidas pola Xunta malia incumprir a empresa reiteradamente as normativas ambiental e mais a laboral.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/03/2017 18:29**  
**Nº Rexistro: 7228**  
Data envío: 29/03/2017 18:29:02.030

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a que o Goberno galego:

-Adopte as medidas necesarias para que rematen os vertidos cíclicos e as infraccións en materia de Medio Ambiente.

-Faga valer as axudas concedidas ó longo de tanto tempo para que a empresa remate coas anomalías en materia laboral e respecte os dereitos dos traballadores.

-Faga un seguimento do grao de cumprimento das obrigas contraídas dado que recibe axudas por innovadores tratamentos de residuos.”

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



**BNG**  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/03/2017 18:29**  
**Nº Rexistro: 7228**

Data envío: 29/03/2017 18:29:02.030

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/03/2017 18:26:06**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/03/2017 18:26:10**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/03/2017 18:26:14**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/03/2017 18:26:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/03/2017 18:26:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/03/2017 18:26:26**

**Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 20.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 7291(10/PNC-000753)

Grupo Parlamentario de En Marea

Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego co Goberno municipal de Ourense en relación coa apertura da praza de abastos da Ponte e o canon establecido para a explotación comercial das súas instalacións

*Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de EN MAREA**, a iniciativa do seu deputado **Juan José Merlo Lorenzo** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 6.<sup>a</sup>, relativa á situación actual da Praza de Abastos de A Ponte, no concello de Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Praza de Abastos de A Ponte, en Ourense, leva máis de 5 anos inutilizada por culpa da mala xestión que se fixo do proxecto. Aos tres anos de obras, e aos máis de dous millóns de euros investidos polo Ministerio de Fomento, débenselle sumar outros dous anos máis baleira, concretamente dende xaneiro do 2015, cando a praza foi inaugurada. Falamos polo tanto de un lustro, que é o tempo que levan esperando os veciños e veciñas da zona para que comece a prestar os seus servizos esta instalación.

Este proxecto tiña como obxectivo converterse nun dinamizador socio-económico do lugar, sen embargo, a día de hoxe as instalacións permanecen pechadas e os postos de traballo que pensaba xerar seguen a ser unha mera ilusión. Antes da súa reforma, a Praza de Abastos de A Ponte representaba un foco económico importante para a zona. A xente acudía alí a facer as súas compras diarias, o que non só repercutía positivamente nos negocios instaurados dentro do propio local, senón que os comercios de arredor tamén se beneficiaban deste fluxo de xente. De feito, segundo afirmaban os propios comerciantes da zona, dende os cinco anos que a Praza permanece inoperativa o número de clientes baixaron moito.



A causa para explicar esta situación reside principalmente no plantexamento erróneo que o proxecto ten dende os seus inicios. O proxecto agora só ten dispoñibles oito postos de venda directa ao público, o que dificulta que se lle poidan prestar aos consumidores unha gama de produtos o suficientemente ampla e atractiva para que se decidan a comprar no local. Ademais, o alto canon de entrada para poder explotar comercialmente as instalacións, relacionada directamente coa súa escasa rentabilidade comercial, é outro impedimento importante polo cal este proxecto aínda non veu a luz.

É necesario que canto antes se lle atope unha solución a esta problemática, xa que a situación actual da Praza afecta tanto aos veciños, como consumidores ou comerciantes da zona.

Polo exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que inste ao Goberno municipal do concello de Ourense a:

1. Adoptar todas as medidas necesarias que permitan a apertura inmediata da Praza de Abastos de A Ponte.
2. Unha redución do canon mínimo para favorecer que empresarios ou autónomos acepten a concesión.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017.

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea. Voceiro do G.P. de En Marea.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/03/2017 10:38**  
**Nº Rexistro: 7291**  
Data envío: 30/03/2017 10:38:59.135

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 30/03/2017 10:36:57**

**Luis Villares Naveira na data 30/03/2017 10:58:29**